

CONCELLO DE PORTOMARIN

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DE DOUS PEÓNS DE APOIO SERVICIOS MULTIPLES (RECOLLIDA LIXO, ABTO. DE AGUAS ,CAMIÑO FRANCES, ATENCION ALBERGUE E OUTRAS LABORES MEDIOAMBIENTAIS)

. 1.- Teñen por obxecto as presentes bases a contratación laboral temporal polo sistema de concurso de méritos, **de dous peons de apoio servizos multiples (recollida de lixo, abto. De augas, Camiño Francés , atención albergue e outras labores medioambientais)**

. **2.- Duración dos contrato:** O contrato iniciárase ao finalizar o proceso de selección e será por un **periodo de tres meses e xornada completa .**

Os seleccionados realizarán as labores correspondentes ó seu posto de traballo no horario sinalado ó efecto por o Sr. Alcalde . Deste xeito, a relación rexeráse pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará ás persoas seleccionadas redactarase ó abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada. Para afronta-lo presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presuposto de gastos.

3.-Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

a) Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder-los nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de se-lo caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non excede-la idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación.- Estar en posesión do título de Certificado de Escolaridade. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.

4.- Presentación de Solicitudes : Os interesados deberán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do Concello ata as 13:00 horas do sétimo día hábil seguinte ó da publicación do **correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación**, mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde , achegando a seguinte documentación: -

- A titulación esixida para participar no concurso.

- Fotocopia compulsada do D.N.I.

- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.

- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determina-la experiencia.

5.- Son méritos a valorar para a selección:

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte

1) Experiencia profesional.- Por ter desempeñado idéntico ou similar posto de traballo, ata un máximo de 5 puntos. A experiencia profesional acreditarase mediante un informe da vida laboral, acompañadas dos contratos correspondentes ou certificados de empresa.

- a) Por cada mes de servizos prestados na administración pública, 0,125 puntos mes, ata un máximo de 2,50 puntos
- b) . b) Por cada mes de servizos prestados no sector privado, 0,125 puntos por mes, ata un máximo de 2.50 puntos.

II) Formación especializada.- Pola realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do posto de traballo ata un máximo de 3 puntos.

- a) Cursos de máis de 50 horas, 0,25 puntos por curso, ata un máximo de 1,50 punto.
- b) Cursos de menos de 50 horas, 0,15 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 puntos.
- c) Por xornadas, diplomas, etc., 0,10 puntos, ata un máximo de 0,50 puntos.

III) Titulación.- Por titulación superior á esixida para o desempeño do posto:

- a) Título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos.
- b) Títulos ou certificados profesionais de instalador eléctrico, fontanería..., carnés de utilización de maquinaria ou de conducción de vehículos.. etc, da mesma rama e especialidade, 0,5 puntos
- c) -Por coñecemento acreditado do idioma galego por cursos, computarase unicamente o grao superior alegado: . Curso de iniciación ó galego, 0,10 . Curso de perfeccionamento, 0,20 . Curso básico, 0,30 . Curso medio, 0,40 . Diploma de tradutor de linguaxe administrativa, 0,50 -Por coñecemento acreditado do idioma galego a través de títulos Celga, computarase unicamente o grao superior alegado:

- CELGA 1: 0,10 .

- CELGA 2: 0,20

- CELGA 3: 0,30 .

- CELGA 4: 0,40 .

- CELGA 5: 0,50

O coñecemento do idioma galego, soamente será puntuado nunha das dúas modalidades de acreditación expostas. Á vista do resultado final, o tribunal propondrá para a contratación ós/ás aspirantes que obtiveran as duas maiores puntuacions.

5.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE:D^a Alicia de la Iglesia Lopez (Funcionario Concello de Portomarin)

VOGAIS:

- 1.-D^a Doris Sobrado Salgado (Funcionario Concello de Antas de Ulla).
- 2.- D^a Maria del Carmen Perez Rodriguez (Funcionario- Concello de Antas de Ulla).
- 3.-D. Alberto Carballo Sanchez (A.D.L Concello de Antas de Ulla).

SECRETARIO/A: D. Jose Luis Vazquez Mendez (Funcionario Concello de Portomarin)

SUPLENTES :

PRESIDENTE D. Manuel Piñeiro Lopez (Funcionario Concello de Paradela)

VOGAIS:

- 1.-D. Serafin López Fernandez (Funcionario Concello de Guntin)
- 2.- D. Carlos Santoalla Varela (Funcionario Concello de Guntin)
- 3.-D.^a Margarita Lermos Teijeiro (Funcionario Concello de Antas de Ulla)

SECRETARIO/A: D. Eduardo Fernandez Arias (Funcionaria Concello de Guntin)

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal, agás o Secretario/a, terán todos voz e voto.

A composición do Tribunal de selección publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Portomarín e na súa páxina web xunto coas datas da realización da entrevista curricular. Esta publicación realizarase cunha antelación de 72 horas á iniciación das devanditas probas.

6.2.- ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN.

Os membros do Tribunal de selección absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 de Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como, cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 29 da citada norma.

6.3.- ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partires da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e ás bases xerais e específicas reguladoras da correspondente convocatoria.

6.4.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas actuacións que demanden oír a opinión de técnicos/as especialistas. Igualmente, se poderá designar colaboradores/as para auxiliálo naquelas actuacións que o precisen.

6.5.- PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesións, a percibir as axudas de custo por asistencia na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións vixentes na data da realización das probas.

Así mesmo, os membros do Tribunal que teñan que desprazarse dende outro termo municipal terán dereito a percibir as correspondentes axudas de custo

por gastos de locomoción e manutención, conforme determina a normativa anteriormente citada; podendo efectuar os mencionados desprazamentos en vehículo propio.

O acordo definitivo de contratación que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer los recursos previstos na vixente lexislación. Ata que se formalice o mesmo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica algunha.

Portomarin a ,21 de xuño de 2016

O ALCALDE

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....provisto/ a de
D.N.I. nº..... con enderezo na
R/.....nº.....piso.....
C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono..... Enterado/a da
convocatoria pública realizada polo Concello de Portomarin para a contratación de **dous
peons de apoio servizos múltiples (recollida de lixo, abto. De aguas, Camiño
Francés ,atención albergue e outras labores medio ambientais)**

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido procedemento de selección, e comprometo a someterme as bases que o regulan.

Portomarin a de de 2016

Asdo.

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/ª.....provisto de DNI nº.....,
con domicilio na R/..... núm.piso.....
C.P..... Localidade,.....Municipio.....
Provincia.....Teléfono.....

DECLARO: Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ó emprego publico.

Portomarin a de de 2016

Asdo.